

INSTRUCCION CONXUNTA DA INTERVENCION XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA E DA DIRECCION XERAL DE ORZAMENTOS SOBRE A EXECUCION DOS GASTOS FINANCIADOS POR FONDOS PROCEDENTES DA UNION EUROPEA

A financiación procedente da Unión Europea representa unha importante porcentaxe do orzamento da Comunidade Autónoma e leva aparellada a necesidade de requisitos adicionais no momento da execución das actuacións financiadas por fondos europeos, así como no momento da xustificación das mesmas para a percepción dos ingresos.

Por outra banda, a implantación do sistema contable Xumco2 na Administración Xeral e na totalidade de Organismos Autónomos da Comunidade Autónoma, permite a homoxeneidade de criterios no relativo ó seguimento contable da execución orzamentaria dos proxectos financiados con fondos europeos e, ademáis, complementábase con outro tipo de información que, sen ser estritamente contable, é necesaria para ofrecer unha visión máis ampla da actividade desenvolvida, así como para cumprir cos requisitos de información a facilitar á Unión Europea.

É por iso que, para asegura-la correcta imputación dos gastos financiados por fondos procedentes da Unión Europea, díctanse as seguintes

INSTRUCCIONS

- 1) As modalidades de financiación dos proxectos clasificaránse da seguinte forma:
 - a) *Modalidades cofinanciadoras*: Aquelas que fan referencia á cofinanciación por parte da Unión Europea de actuacións comprendidas dentro da programación dos fondos estruturais, (Feder; F.S.E., Feoga-Orientación, IFOP), ó Fondo de cohesión ou a iniciativas comunitarias.
 - b) *Modalidades non cofinanciadoras*: O resto.

O seu detalle é o que figura no Anexo.

- 2) Os proxectos financiados con modalidades cofinanciadoras, estarán asociados a un eixo e medida. Asimesmo, deberán figurar na base de datos do sistema contable os indicadores para o seu seguimento.

A actualización destes datos corresponderá á Dirección Xeral de Orzamentos, que interesará informe previo da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios en aquelas modificacións que impliquen cambios na estrutura do Marco de Apoio Comunitario.

De tódalas modificacións aprobadas daráse conta, coa periodicidade que se determine, ó Instituto Galego de Estatística e á Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios ós efectos da análise dos indicadores que conteñan.

- 3) No caso dos capítulos 1 e 2 do orzamento de gastos, cando non sexa posible a asociación a unha medida concreta, crearase un proxecto de carácter xenérico, de forma que posteriormente sexa posible o detalle por medida, tanto do crédito como da súa execución.
- 4) Cando da execución do orzamento, sexa como consecuencia de modificacións orzamentarias ou de reaxustes de proxectos, se derive a necesidade da creación de novos códigos de proxecto, o órgano competente para a súa autorización será a Dirección Xeral de Orzamentos, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 2/2002 de 29 de abril de orzamentos para 2002.
- 5) Nas desconcentracións de crédito farase constar para cada proxecto as modalidades de financiación afectadas, debéndose respetar en todo caso os porcentaxes de cofinanciación establecidos.
- 6) No caso de que, por calquer motivo, sexa necesario modifica-la estrutura de financiación dun ou máis proxectos, xa sea de forma cuantitativa ou cualitativa, instrumentarase a través do documento contable PX "Reaxuste de proxectos" no que se indicarán as alteracións positivas e negativas a realizar.
- 7) A competencia para a autorización deste documento dependerá dos seguintes casos:
- Movimentos que afecten a proxectos financiados con modalidades cofinanciadoras:

Será competente o Conselleiro de Economía e Facenda a proposta do Director Xeral de Orzamentos co informe previo da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Estructurais.

- Movimentos que afecten a proxectos financiados con modalidades non cofinanciadoras:

- *Movimentos que afecten a proxectos financiados co Fondo de Cooperación Interterritorial.*

Será competente o Conselleiro de Economía e Facenda a proposta do Director Xeral de Orzamentos co informe previo da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Estructurais.

- *Movimentos que afecten a proxectos con financiación allea non incluídos nos puntos anteriores.*

Será competente o Conselleiro de Economía e Facenda a proposta do Director Xeral de Orzamentos.

- *Movimentos que afecten exclusivamente a proxectos financiados con fondos propios libres:*

Será competente o Conselleiro da Consellería afectada.

8) Na tramitación de todo expediente de gasto faráse constar, ademais da aplicación e o proxecto, o importe que se considera cofinanciable ou non. No seu caso, cando dentro dun mesmo expediente existan gastos nas dúas situacións, deberá detallarse o importe para cada unha delas.


Para reflectir estas situacións, nos documentos contables deberáse cubri-lo campo de elexibilidade da seguinte forma:

- 'S' no caso de gastos cofinanciables para os cales exista dotación orzamentaria en modalidades cofinanciadoras.
- 'P' no caso de gastos cofinanciables para os cales non exista dotación orzamentaria cofinanciadora e deban ser imputados a modalidades non cofinanciadoras.
- 'N' no caso de gastos non cofinanciables.

- 9) Da mesma forma, nas fases que sexan continuación de outra anterior, (A(r), D, O) os importes asociados a cada unha destas situacións, non poderá superar ó da fase previa.
- 10) Cando, ó tramitar un expediente, o crédito asociado a algunha destas situacións resulte insuficiente, deberá procederse á actuación prevista na instrucción 7 anterior.
- 11) Cando a insuficiencia se produza nunha fase de continuación, sen afectar ó crédito total do proxecto, contabilizaráanse as operacións de rectificación oportunas.


Santiago de Compostela, 10 de maio de 2002

O INTERVENTOR XERAL DA
COMUNIDADE AUTONOMA



Asdo.: Fernando Soler Pareja

O DIRECTOR XERAL DE
ORZAMENTOS



Asdo.: Juan José Novoa Montero